


## Acerca de Raquel e Mato

Un bo día Raquel Galavís, contacontos, actriz, presentadora de televisión e muller árbore, atopouse no seu camiño con Mato Armada, diseñador, músico, cantante e home tractor.

Aos dous gustáballes a natureza, os contos, a música, a cociña... e sobre todo contarse historias o un o outro, da súas vivencias, dos séus soños..

Así que decidiron poñer en marcha un experimento e probar unha nova receta combiñando o que ambos amaban: os contos dela e a música del...

...E colleron un tractor e fóronse a percorrer os bosques e os pobos de Galicia cos seus contos, a súa guitarra e unha maleta chea de ilusión, en busca de oídos xenerosos que quixesen compartir con eles este exquisito prato.



Raquel Galavís e Mato Armada

# CANTACONTOS



Contar, cantar, mirar,  
escoitar, reir, soñar...

### Ubicación

[www.raquelgalavis.com](http://www.raquelgalavis.com)

### Ubicación

[www.loslamadosperdidos.bandcamp.com](http://www.loslamadosperdidos.bandcamp.com)

# A receita

Os contos lévannos a un mundo de fantasía para poder soñar e crecer imaxinando. As verbas mixtúranse coas imaxes das ilustracións dos libros e coa música dun guitarrista para dotar a receita dun universo propio, o universo das historias narradas, escoitadas e sentidas dende o corazón. Un prato delicioso e diferente.

## Porcións

Tamaños/ Idades	3-6	6-9	9-99
Porcións	0-100	0-100	0-100
Por porción	45 minutos	45 minutos	45 minutos

## Cómo o faremos

Cantaremos cun Elvis do século XXI, reiremos coas persoaxes dos contos, tararearemos as cancións do sur, bailaremos e xogaremos coas mans...remexermos todo nun pote de imaxinación e disfrutaremos a gargalladas.

## Ingredientes



### Una contacontos

Que precisa:


- Imaxinación 6,99 €/kg
- Ilusión 7,99 €/kg
- Amor polas historias 9,99 €/kg



### Un músico

Que precisa:

- Soños 6,99 €/kg
- Felicidade 7,99 €/kg
- Tranquilidade 9,99 €/kg



### Contos/Guitarra

Que precisan:

- Oídos dos nenos 6,99 €/kg
- Oídos dos adultos 7,99 €/kg
- Escoita 9,99 €/kg

